

A **Asociación Proxecto Máscaras** promove estes premios anuais desde 2017, pero o xurado de cada ano está composto polas persoas ou iniciativas premiadas o ano anterior.



*A misión destes premios é activar as **conexións entre a propia cidadanía** para fomentar a **interactuación e redes de coñecemento e colaboración entre as persoas e entidades** que están a desenvolver proxectos en diferentes ámbitos.*

ASOCIACIÓN PROXECTO
MÁSCARAS

— arte e pedagogía en código aberto —

www.proxectomascaras.gal
asociacion@proxectomascaras.com
622 195 832

Co apoio de



Coa colaboración de



Recoñecemento ás

**Boas
Prácticas
Cidadás**

APM

Bases dos Premios as Boas Prácticas Cidadás

Preámbulo

Nos estatutos da asociación Proxecto Máscaras recóllese como **propósito** desenvolver os fins de carácter **cultural, social, educativo e de fomento da investigación**. Pero este “propósito” non responde a unha definición teórica xa que, aínda que a asociación constituíuse oficialmente en xaneiro de 2014, foi produto dun longo proceso de maduración para canalizar e facer sostible a actividade de voluntariado, corporativo e persoal, que se viña realizando desde 2009.

Esta consciencia de que outras realidades son posibles grazas as “boas prácticas cidadás”, leváronnos a definir a visión da asociación desde o que a nosa experiencia podía aportar para axudar a desenvolver e consolidar a potencia dos mecanismos de comunicación e difusión. Así, definiuse a MISIÓN da APM como:

O impulso e desenvolvemento de proxectos que, tomando como base o potencial do audiovisual, fomenten a educación e a participación como medida para a innovación social, a ruptura de estereotipos sobre a “normalidade” e as capacidades das persoas, e a integración da diversidade no espazo público.

En 2017, en combinación coa Deputación da Coruña, entregáronse os primeiros premios as “boas prácticas en educación inclusiva” a persoas e entidades que, desde diferentes intereses e especificidades, formaron parte do proxecto de Cultura Inclusiva: *Un día de cine*. A entrega destes premios fíxonos aínda máis conscientes da importancia do recoñecemento desde a propia sociedade civil de moitas persoas e proxectos dos que poder seguir aprendendo para construír unha sociedade máis implicada e solidaria.

Deste xeito, na Asemblea Xeral de 26 de xaneiro de 2018, a asociación Proxecto Máscaras aprobou o establecemento dos premios anuais as Boas Prácticas Cidadás que se entregarán dentro do marco das **Xornadas de Acción Voluntaria Inclusiva** que se celebran anualmente conmemorando a estrea en 2012 da película *Máscaras*. A data definitiva das xornadas e a entrega dos premios quedou fixada na Asemblea Xeral de 14 de decembro de 2019 para o **último xoves do mes de maio**.

A “responsabilidade social” é un termo que se refire ao compromiso, obriga e interese dos membros dunha sociedade, sexa como individuos ou como membros de algún grupo, tanto entre si como para a sociedade no seu conxunto. Responde á concepción ética ou ideolóxica de que toda entidade, sexa goberno, corporación, organización ou individuo, ten unha responsabilidade cara a sociedade.

Obxectivos

O obxectivo destes recoñecementos as Boas Prácticas Cidadás é contribuír ao fomento da implicación e a participación, promovendo a visibilidade da interacción cidadá e as experiencias positivas que permiten identificar o voluntariado como un concepto máis amigable e próximo, tanto a nivel persoal como profesional e institucional.

Os recoñecementos van dirixidos á visibilización da complexidade do día a día destas Boas Prácticas, aos *cómos* e *porqués*, á transmisión do coñecemento interxeracional e a entender como mellorar a nosa maneira de mirar a discrepancia para construír sobre a diferenza:

“Unha microcirurxía que ten que ser persistente e cuxos resultados, sen ser aparatosos, son útiles no curto prazo e (moi) evidentemente beneficiosos para que, ademais de ter merecido a pena intentalo, cobren valor como recurso de sensibilización cara a outros grupos humanos que estean expectantes.”

(Manel Muntada, Conselleiro da APM)

Criterios de selección

A sociedade non é un ente abstracto dividido en compartimentos estancos, senón un ecosistema que inter-actúa en rede, polo que unha boa práctica en calquera ámbito poden exercer un contaxio positivo en outros.

Candidaturas e Xurado

No ánimo deste recoñecemento ás Boas Prácticas Cidadás está a visibilización dos lazos de unión entre a cidadanía, polo que se establece que o xurado de cada convocatoria estará composto polas persoas que, a título persoal ou en representación dun proxecto, recibiron o recoñecemento na convocatoria anterior.

Deste xeito, cada ano a selección do propio xurado permitirá o reforzamento da calidade e capacidade da implicación e a acción voluntaria entre a sociedade civil e as súas organizacións.

As iniciativas seleccionadas poden ser de experiencias ou de investigación, tanto de carácter educativo, social, cultural ou, incluso, empresarial, que promovan a participación, a solidariedade, os dereitos humanos, a inclusión, o respecto e entendemento, a cultura e o arte inclusivos, etc., que respecten os valores e principios que se recollen nos estatutos da APM.

Valores

- **A dimensión social** das persoas como metodoloxía de aprendizaxe.
- **A diferenza** como principal valor para a riqueza da comunidade e da sociedade.
- **A diversidade** como proceso para coñecer, aceptar e asumir as diferenzas.
- **A participación no espazo público** como dereito, porque o que non se ve... non existe.
- **As excepcións e as boas prácticas** como base para o aprendizaxe.
- **Os exemplos reais** como punto de partida para a investigación social.

Principios

- **A ética profesional**, para superar o entorno do “legalmente establecido” xerar un marco de comportamento e condutas profesionais do máis alto nivel.
- **A promoción das persoas**, no sentido de ter sempre presente que as accións dos ámbitos profesionais e sociais teñen como fin último a satisfacción e o desenvolvemento da cidadanía implicada.
- **O compromiso co desenvolvemento social**, a través da xeración de valor nas actividades e proxectos.
- **O respecto no ámbito da comunicación**, co compromiso de vixilancia e impulso do cumprimento e implantación de boas prácticas de comunicación transversal, tanto nos medios de comunicación como no ámbito da RSC.

Premios

En cada convocatoria concederanse seis premios que consistirán nunha placa ou trofeo por parte da Deputación da Coruña e a imposición dun distintivo por parte da APM.

Non se establecen categorías polo que, sempre que respondan aos criterios mencionados anteriormente, os ámbitos de actuación poden incluso ser coincidentes, xa que responden ao criterio das persoas que exercen de xurado. O acto de entrega anual será no marco das Xornadas de Acción Voluntaria Inclusiva.